# A Biblioteca Pública Municipal «Castelao» de Betanzos no ano 1986

ALFREDO ERIAS MARTINEZ

Tódolos libros con que conta a Biblioteca están rexistrados e unha boa parte catalogados, sendo esta última laboura unha das que máis deben potenciarse, para manter actualizada a organización xeral e co fin de dar un máis completo servicio ós usuarios. O vertixinoso paso de 2.252 libros no 1975 a 13.053 no 1986 foi acompañado dun interés crecente da xente, e quen se acerque á institución poderá comprobar que case sempre está chea de lectores. Dende nenos que follean as páxinas dun comic ata sesudos investigadores, pasando por rapaces de tódolos cursos de EXB, BUP, COU ou FP, a Biblioteca móstrase hoxe como algo imprescindible para a sociedade brigantina e a comarca mariñán.

Ir á Biblioteca supón ademáis aforrar cartos, nun momento de crise como o presente: alí están 4 periódicos diarios, revistas de actualidade, os nenos poden ler o que queiran sen mercar libros que lles duran pouco, etc. etc.

Hai que recordar ademáis que á Biblioteca, que é «Pública», pode ir todo o mundo sen distinción de ningún tipo. E ademáis quen queira facerse socio, por un precio simbólico, ten a posibilidade de levar á casa unha boa cantidade de libros e, deste xeito, aproveitar máis a fondo os servicios da Biblioteca. Mostremos, pois, algúns datos relativos a 1986:

*Enderezo:* Praza Irmáns García Naveira. Antigo Colexio de Orfas.

*Número de habitantes da cidade:* 11.667. Hai que ter en conta que en realidade a Biblioteca sirve a todo o municipio, máis aló da cidade, e aínda a boa parte da comarca debido ós colexios de EXB, FP, o Instituto de Bacharelato e BUP.

*Inauguración:* 7-III-1947.

*Horario:* — Ata o 15 de xuño e do 15 de setembro ó 1 decembro, de 16 a 20 h. A partir do 1 de decembro, de 16 a 21 h. Sempre de luns a venres, e os sábados de 10,30 a 13 h.

— Do 15 de xuño ó 15 de setembro, de 10 a 13 e os sábados de 10,30 a 13 h.

**N.º total de libros existentes o 31-XII-1986:** 13.053. Según a «Memoria de la labor realizada por el Centro Provincial Coordinador de Bibliotecas» (1975-1985) editada neste ano 1986 pola Diputación Provincial de A Coruña, con datos de finais de 1985, a Biblioteca Municipal de Betanzos con 11.388 libros era, e no 1986 debeo seguir sendo, a de maior fondo bibliográfico de tódalas municipais da provincia dependentes do dito centro. A relación de todas estas bibliotecas é a seguinte: Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Cambre, Carballo, Cedeira, Cee, Culleredo, Fene, Ferrol, Finisterre, Malpica, Melide, Mugardos, Muxía, Muros, Narón, Neda, Negreira, Noya, Oleiros, Outes, Padrón, Pontedeume, Poboa do Caramiñal, As Pontes, Porto do Son, Rianxo, Riveira, San Saturnino, Santa Comba, Vimianzo e Zas.

*Libros ingresados no ano:* 1.665

*Procedencia dos libros:*

— Centro Provincial Coordinador de Bibliotecas, 1.206.

— Ministerio de Cultura, 176, a maioría correspondente ó magnífico fondo de Editora Nacional, recentemente desaparecida.

— «Patronato Benéfico Docente García Hermanos», 133.

— Xunta de Galicia, 56.

— Concello de Betanzos, 29.

— Compra da propia Biblioteca, 25.

— D. Antonio Noguerol Otero, 6.

— Dona María Baltar, Viuda de Golpe, 5. Nesta mesma donación rexistráronse 332 libros en decembro de 1985 (polo tanto 337 en total), sendo unha das máis importantes que recibiu a Biblioteca.

— D. Vicente García Blanco, 5.

— Fundación Barrié e/ou Banco Pastor, 3.

— D. Pegerto Saavedra, 3.

— Atopados ou de orixe descoñecido, 3.

— Caixa Galicia, 2.

— Diputación Provincial de A Coruña, 2.
— D. Xesús Torres Regueiro, 2.
— Dona María Alvarez Ramos, 1.
— D. Manuel Calo Purriños, 1.
— Concello de Pontedeume, 1.
— Colexio Cruz do Sar, Bergondo, 1.
— D. José García Oro, 1.
— D. Antonio Huesa López, 1.
— Museo do Pobo Galego, 1.
— D. Valentín Puente, 1.
— D. Antonino Vázquez Bonome, 1.

*Publicacións periódicas e procedencia:*

— La Voz de Galicia, Concello de Betanzos.
— El Ideal Gallego, Concello de Betanzos.
— El Correo Gallego, Concello de Betanzos.
— El País, Concello de Betanzos.
— Tiempo, Centro Provincial Coordinador de Bibliotecas.
— Semana, Centro Provincial Coordinador de Bibliotecas.
— Cambio 16, Centro Provincial Coordinador de Bibliotecas.
— Don Miki, Centro Provincial Coordinador de Bibliotecas.
— Extebank, Banco Exterior de España en Betanzos.
— El Público, Ministerio de Cultura.
— Revista de Filatelia, D. Andrés García Pascual.
— Leer, A mesma revista.
— La Voz del Libro, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.
— Follas Secas, A mesma revista.
— El Urogallo, «Ed. Prensa de la Ciudad, S.A.»
— Outeiro, Caixa Galicia.
— Celanova, Centro Cultural Coelerni-Solpor.
— Galicia, Centro Galicia de Buenos Aires.

*Material audiovisual:*

— 3 cursos de idiomas en cassettes (francés, inglés e alemán).
— Colección de diapositivas sobre o Camiño de Santiago.
— Idem. sobre o Museo Arqueolóxico da Coruña.
— Idem. sobre «S. Sindone,Torino».
— Idem. de Historia do Arte Español.
— Enciclopedia «Decenium, Nuestro Siglo, textos, imágenes y sonido».
— Catálogo do desaparecido Arquivo da Imaxe da Xunta de Galicia.
— 1 cassette do «Cancioneiro Popular Galego».

*Material auxiliar:*

— 2 máquinas de escribir.
— 1 fotocopiadora.
— 1 mesa de maquetación.

*N.° total de socios existentes o 31-XII-1986:* 1.581.
*N.° de socios que se fixeron no ano:* 86.

*Situación do edificio:* Sendo como é esta Biblioteca a máis importante, por número de libros, das municipais da provincia da Coruña dependentes do Centro Coordinador, nembargantes ten un espacio moi reducido. Este é o problema fundamental: a xente está apretuxada e naturalmente incómoda moitas veces e non queda xa sitio para estanterías nin case para almacenar os libros nas propias caixas.

Ademáis o edificio ten o chan de madeira, da que tamén están feitas as mesas, sillas e o piso alto: todo esto supón un importante risco tanto porque a madeira atrae diversos bichos perxudiciais para os libros, como polo feito de favorecer un hipotético incendio.

Finalmente hai que dicir que a Biblioteca é fría e húmida debido á base de terra que está debaixo da taboa e tamén pola inexistencia dun axeitado sistema de calefacción ou aire acondicionado. Con todo, hai noticias suficientes para ser optimistas, por canto o Concello pensa trasladala, xunto co Arquivo e o Museo, para o convento de Santo Domingo o cal atópase xa rehabilitado na súa primeira fase (teito e placas). E necesario que a segunda fase remate pronto.

*Actividades culturais:*

— Dirección do Anuario Brigantino 1985 por parte do arquiveiro-bibliotecario.
— Organización, xunto co Colexio de EXB, da «I MOSTRA DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL, BETANZOS 86». Os fondos bibliográficos utilizados foron cedidos por ANABAD-GALICIA. Durou do 18 ó 28 de febreiro nos locais do dito colexio de EXB, e tivo un gran eco nos




medios de comunicación: houbo reportaxes de prensa, radio e televisión. En relación con esta experiencia, coas múltiples e variadas actividades que se programaron cos nenos, os mestres de EXB tiveron un grande mérito no éxito.

— Organización xunto co Colexio de EXB dunha «SEMAN DO LIBRO INFANTIL». Con tódolos libros editados en galego. Celebrouse no dito colexio do 8 ó 14 de decembro. Formou parte dunha actividade máis amplia coordinada polo bibliotecario de Oleiros, don Carlos González Guitián, na súa calidade de membro da Comisión de Literatura Infantil de ANABAD-GALICIA. Ademáis de esta entidade, patrocinou o Ministerio de Cultura. A semán adicouse ó escritor de contos infantís ANTONIORROBLES. Participaron as bibliotecas municipais de: Oleiros, Betanzos, Fene, Narón, Neda e Ferrol.

— Coordinación por parte do arquiveiro-bibliotecario, xuntamente cos profesores don Xosé Carro Otero e dona Socorro Ortega Romero, do ciclo de conferencias,«Aspectos Varios do Pasado Brigantino». O dito ciclo estaba organizado polo Instituto de Estudios Galegos «Padre Sarmiento» e foi patrocinado polo Concello de Betanzos e a Xunta de Galicia (véxase programa adxunto). As conferencias tiveron lugar no Centro da Xuventude, dentro do mes de decembro e seguían a comezos de 1987.

No 1986 foron os seguintes:

O día 19 de decembro, «A asistencia hospitalaria en Betanzos durante os séculos XVII e XVIII», por Jose Carro Otero e Carlos Fernández Fernández. O día 26 do mesmo mes, «A montaña e a mariña: Contrastes etnográficos na comarca brigantina», por José Antonio Fernández de Rota e Monter...

*Personal da Biblioteca, Arquivo, Museo e Anuario Brigantino:*

— Alfredo Erias Martínez, arquiveiro-bibliotecario en propiedade, licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela.

— Susana Blanco Rodríguez, auxiliar contratada. Técnico administrativo.

— Vera Cagiao Purriños, auxiliar contratada. Técnico administrativo.

*Alumnos colaboradores do Instituto de Formación Profesional (concerto co Concello) na Biblioteca, Arquivo e Museo.*

— Do 7 IV ó 18 IV 1986: Inmaculada González Iglesias, María Beatriz Feijoo Gómez.

— Do 21 IV ó 2 V 1986: María Pita Barral, María Encarnación Pérez Naya e Josefa Martínez Regueiro.

— Do 2 V ó 16 V 1986: Rosa María Regueira Cendón, Josefina Arminda Sánchez, María Luz Varela Pardo e Luis Sanjurjo Deive.

— Do 10 XI ó 12 XII 1986: María Dolores Fuentes Cao, Mercedes Bello Conselo, María Teresa Carro Sobrino e María del Pilar López.

— Do 15 XII ó 30 XII 1986: Berta Carro Nogueira, Ana Rosa Bianchi López, María Isabel Feijoo Muñiz e María Angeles Bouzas Pedreira.

**Outras colaboracións:** No mes de agosto colaboraron desinteresadamente no Arquivo: Aurora Soler Gómez e María Jesús Fernández Rivas, estudiantes betanceiras de 4.º curso de Xeografía e Historia na Universidade de Santiago.



OS CONFERENCIANTES:

- Dr. Xosé CARRO OTERO, membro da Sección de Arqueoloxía e Pre-historia do Instituto.
- Lic. Carlos FERNANDEZ FERNANDEZ, médico.
- Dr. Antón FERNANDEZ DE ROTA E MONTER, membro da Sección de Etnografía do Instituto.
- Lic. Alfredo ERIAS MARTINEZ, director do Arquivo Municipal de Betanzos.
- Licenciados CHERO SOUSA, Ignacio CABANO VAZQUEZ e Marius PATO IGLESIAS, investigadores e recuperadores do "Pasatempo".
- Dr. Manuel NÚÑEZ RODRIGUEZ, membro da Sección de Historia da Arte do Instituto.
- Dr. Xosé Antonio MIGUEZ RODRIGUEZ, catedrático de Ensino Medio e investigador.
- Dr. Ramón LORENZO VAZQUEZ, Xefe da Sección de Lingua e Literatura do Instituto.

XUNTA DE GALICIA

INSTITUTO DE ESTUDIOS GALEGOS "PADRE SARMIENTO" (C.S.I.C)

CICLO DE CONFERENCIAS

ASPECTOS VARIOS DO PASADO BRIGANTINO

BETANZOS
19 de decembro de 1.986 ó
30 de xaneiro do 1.987

COORDINADORES: Dr. Carro Otero
Dra. Ortega Romero
Lic. Erias Martínez

LUGAR: Sala de Conferencias da "Casa da Xuventude". BETANZOS

DIAS: Todo-los Venres entre o 19 de Decembro de 1.986 e o 30 de Xaneiro de 1.987, ambo-los dous inclusive

HORA: 20,15

PROGRAMA

DÍA 19-XII-1.986

- Presentación do Ciclo: Dra. M. S. ORTEGA ROMERO, Xefa da Sección de Historia do Arte do Instituto de Estudios Galegos.
- CARRO OTERO, J. e FERNANDEZ FERNANDEZ, C.: A asistencia hospitalaria en Betanzos durante os séculos XVII e XVIII.

DÍA 26-XII-1.986

- FERNANDEZ DE ROTA E MONTER, A.: A montaña e a mariña: Contrastes etnográficos na comarca brigantina (proxectarase o video documental titulado "Camiños de encontro").

DÍA 2-I-1.987

- ERIAS MARTINEZ, A.: Correxidores e alcaldes de Betanzos nos séculos XIX e XX.

DÍA 9-I-1.987

- CHERO SOUSA, CABANO VAZQUEZ, I. e PATO IGLESIAS, M. L.: O "Pasatempo".

DÍA 16-I-1.987

- NUÑEZ RODRIGUEZ, Manuel: O sepulcro de Fernán Pérez de Andrade e outros enterramentos monumentais da cidade de Betanzos.

DÍA 23-I-1.987

- MIGUEZ RODRIGUEZ, X.A.: Dous betanceiros ilustres: Os irmáns García Acuña.

DÍA 30-I-1.987

- LORENZO VAZQUEZ, R.: Fernán Pérez de Andrade, promotor da lingua galega: A "Crónica Troyana".
- Clausura do Ciclo: Dr. F.X. RIO BARJA, Director do Instituto de Estudios Galegos.